



Concello de Vilaboa

Expediente núm.: 939/2024

Procedemento: Contrato simplificado sumario. Mellora de camiños municipais en Pazos (Sto. Adrán de Cobres) - PLAN MARCO 2024-2025

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución da Alcaldía 2024-0347 do 8 de maio, aprobouse o Proxecto de Mellora de camiños municipais en Pazos (Sto. Adrán de Cobres) PLAN MARCO 2024-2025, redactado polo arquitecto municipal o 23/02/2024 co CSV: AH54YJ3WKMSK4MTXDAATDN6N9, cun orzamento de 48.074,39 € (IVE 10.095,62 €) o que fai un total de 58.170,01 euros IVE incluído.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 27/05/2024.

Vista a Providencia da Alcaldía do 27/05/2024, de inicio do procedemento e xustificación da necesidade.

Vistas as características do contrato:

Tipo de contrato: Obra	
Obxecto do contrato: Mellora de camiños municipais en Pazos (Sto. Adrán de Cobres)	
Procedemento de contratación: Aberto Simplificado Sumario	Tipo de Tramitación: Ordinaria
Código CPV: 45233140-2	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 48.074,39 €	IVE: 10.095,62 €
Orzamento de licitación IVE incluído: 58.170,01 €	
Duración da execución: 3 meses	
Partida orzamentaria: 4530.61924	

Visto que se redactaron e incorporaron ao expediente os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, que han rexer a adxudicación do contrato.

Visto o informe favorable de Secretaría do 03/06/2024.

Visto o informe favorable de Intervención do 29/07/2024.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, **RESOLVO:**

Concello de Vilaboa

Toural, 1, Vilaboa. 36141 Pontevedra. Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, para a licitación da obra “**Mellora de camiños municipais en Pazos (Sto. Adrán de Cobres)**”, mediante o procedemento aberto simplificado sumario.

SEGUNDO. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares que han rexer a licitación, nos termos que figuran no expediente.

TERCEIRO. Autorizar o gasto por importe de 58.170,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 4530.61924.

CUARTO. Publicar no Perfil de contratante sito na Plataforma de Contratos do Estado anuncio de licitación, por prazo non inferior a 10 días hábiles para que os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes. O prazo rematará ás 14:00 horas do último día sinalado.

O alcalde, César Poza González

Concello de Vilaboa

Toural, 1, Vilaboa. 36141 Pontevedra. Tfno. 986708215. Fax: 986708387

